



Facultade de Ciencias da Educación

(*)

(*)

(*)

(*)

Máster Universitario en Intervención Multidisciplinar na Diversidade en Contextos Educativos

Materias

Curso 1

Código	Nome	Cuadrimestre	Cr.totais
O05M007V01101	Interculturalismo en Ambientes Socio-educativos	1c	4.5
O05M007V01102	Interculturalismos en Contextos Escolares	1c	4.5
O05M007V01103	Ensino e Aprendizaxe da/s Lingua/s da Sociedade de Acollida	1c	4.5
O05M007V01104	Desenvolvemento Comunitario e Compensación das Desigualdades	1c	4.5
O05M007V01105	Compensación das Desigualdades na Educación	1c	4.5
O05M007V01106	Calidade de Vida para as Persoas Maiores	1c	4.5
O05M007V01107	Educación de Adultos	1c	4.5
O05M007V01108	Xénero e Educación	1c	4.5
O05M007V01109	Da Inxustiza da Desigualdade á Riqueza da Diferenza	1c	4.5
O05M007V01201	Calidade de Vida das Persoas con Discapacidade	2c	4.5
O05M007V01202	Medidas de Atención á Diversidade para Persoas con Altas Capacidades	2c	4.5
O05M007V01203	Medidas de Atención á Diversidade para Alumnas/os con Necesidades Educativas	2c	4.5
O05M007V01204	Practicum	2c	12
O05M007V01205	Traballo fin de Máster	2c	12

DATOS IDENTIFICATIVOS**Interculturalismo en Ambientes Socio-educativos**

Materia	Interculturalismo en Ambientes Socio-educativos			
Código	O05M007V01101			
Titulación	Máster Universitario en Intervención Multidisciplinar na Diversidade en Contextos Educativos			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	4.5	OP	1	1c
Lingua de impartición	Galego			
Departamento	Análise e intervención psicosocioeducativa Historia, arte e xeografía Lingua española			
Coordinador/a	Fernandez Bello, Pedro			
Profesorado	Cid Fernández, Xosé Manuel de Jesus Rodriguez, Maria Elena Fernandez Bello, Pedro Pato Lorenzo, Josefina			
Correo-e	pfervelho@uvigo.es			
Web				

Descrición xeral	<p>A materia forma parte do módulo Interculturalismo e educación, no que tamén se inclúe "Interculturalismo en contextos escolares".</p> <p>Os estudantes cursan en primeiro lugar esta materia, que pretende fornecer un panorama dos desafíos sociais e culturais que plantexa a realidade multicultural e multilingüe da Comunidade Autónoma Galega, designadamente visibilizada pola recente e cada vez máis relevante presenza de inmigrantes e retornados, e que tenta construír respostas innovadoras desde o interculturalismo crítico para o ámbito socioeducativo en xeral.</p> <p>É por iso que entendemos esta materia como un espazo de reflexión crítica que interprete tamén desde unha óptica [xeográfica] o fenómeno da mobilidade e das migracións, que formule propostas innovadoras sobre a xestión da diversidade lingüística e cultural para a Galiza do século XXI e que impulse un diálogo intercultural igualitario con persoas, colectivos e asociacións de inmigrantes de diferentes culturas e linguas co obxectivo de achar valores compartidos para a convivencia e solucións comúns para a superación das barreiras sociais, para alén de proporcionarlle ao alumnado os recursos necesarios para estimular e potenciar a súa capacidade de autocrítica no plano das crenzas, actitudes e condutas estereotipadas e prexuzosas fronte ás persoas e grupos pertencentes a outras culturas.</p> <p>En conclusión, a materia "Interculturalismo en entornos socio-educativos" participa na consecución daqueles obxectivos do máster que fan referencia, especialmente, á adquisición de formación teórica de carácter multidisciplinar no ámbito do interculturalismo, a análise de situacións reais e de experiencias educativas innovadoras, así como no coñecemento, deseño, desenvolvemento e avaliación de programas, actividades e materiais de carácter socioeducativo e intercultural.</p>
------------------	---

Competencias de titulación

Código	
A1	Comprender os principios básicos dos grandes ámbitos da diversidade dende unha perspectiva multidisciplinar
A2	Adquirir habilidades básicas de deseño, aplicación e avaliación de propostas de intervención dirixidas a traballar coa diversidade, valorando especialmente as colaboracións innovadoras
A3	Adquirir instrumentos conceptuais e metodolóxicos que faciliten a análise e reflexión sobre as prácticas profesionais relacionadas co tratamento da diversidade, en especial de aquelas que posúen un alto grao de innovación
A4	Realizar estudos sistemáticos, sobre todo os que implicaren melloras de prácticas educativas, sendo capaz de difundilos con claridade a diversos tipos de audiencias
A5	Elaborar materiais específicos para traballar coa diversidade, valorando, na medida das posibilidades, a súa aplicación na práctica
A7	Dominar diferentes estratexias metodolóxicas co propósito de mellorar as condutas profesionais e facilitar a aprendizaxe autónoma, a través do emprego de recursos como os contratos de aprendizaxe, a aprendizaxe baseada en problemas ou o uso de cartafoles.
A8	Coñecer a lexislación básica referida á diversidade nos contextos educativos e socio-educativos, analizando a súa implicación no exercicio profesional
A9	Identificar os servizos de apoio escolares e socio-comunitarios que poden ser de utilidade no ámbito da diversidade

A11	Comprender, analizar e valorar as dimensións éticas e políticas implícitas nos procesos educativos formais e non formais en contextos de diversidade
A12	Relacionar os contidos do mestrado coa experiencia persoal e con situacións educativas reais
A13	Ser conscientes de que no ámbito educativo se toman continuamente decisións relacionadas co tratamento da diversidade, sendo necesario sacar á luz as ideas/teorías nas que se fundamentan esas decisións, tanto as persoais como as institucionais e colectivas.
A14	Ser capaz de emitir unha valoración crítica sobre programas, materiais e prácticas educativas e socio-educativas relacionadas coa diversidade
A15	Promover unha actitude positiva cara as ideas e as prácticas educativas innovadoras relacionadas coa diversidade
A16	Adquirir condutas de respecto e de axuda. Ser sensibles a todo tipo de diversidade
A17	Adquirir as habilidades básicas para o debate e a exposición de ideas fundamentadas
A18	Favorecer o traballo cooperativo, asumindo responsabilidades e aceptando a disparidade de Opinións
B1	Adquirir unha formación teórica de carácter multidisciplinar e comprender os fundamentos teórico-prácticos relacionados cos ámbitos de diversidade, con énfase nas necesidades educativas especiais, interculturalismo, compensación de desigualdades, sexo/xénero e educación de persoas adultas
B2	Coñecer e analizar as situacións reais de diversidade que se poden ver reflectidas nos contextos educativos, tanto formais como non formais, empregando procesos sistemáticos de indagación
B4	Favorecer a adquisición dos coñecementos e destrezas axeitadas para o deseño, posta en práctica e avaliación de propostas de intervención no ámbito da diversidade, ofrecendo novas iniciativas na resolución dos problemas
B5	Adquirir un compromiso ético no desenvolvemento da profesión, especialmente no referido ao apoio dos colectivos e sectores sociais discriminados e menos favorecidos

Competencias de materia

Resultados previstos na materia	Tipoloxía	Resultados de Formación e Aprendizaxe
1. Reforzar a capacidade de saber aplicar os coñecementos adquiridos á resolución de problemas en contextos amplos e interdisciplinarios mediante, entre outras metodoloxías, estratexias de aprendizaxe cooperativa e de aprendizaxe baseada en problemas/casos/proxectos.	saber facer	A7 A12 B4
2. Desenvolver representacións e actitudes positivas cara as diferentes linguas e culturas	Saber estar / ser	A15 B4
3. Analizar e avaliar os diferentes modelos de xestión da diversidade lingüística e cultural	saber facer	A3 A4 A8 B1 B4
4. Promover movementos, asociacións e entidades de educación no ocio e no tempo libre que estimulen a presenza e a participación de crianzas, mozos e mozas inmigrantes e retornados para codefinir e coconstruír un mundo de todos desde o diálogo libre de imposicións	Saber estar / ser	A15 A18 B4
5. Diseñar programas e/ou actividades e materiais de uso por asociacións de atención a colectivos culturalmente diversos, para favorecer a normalización da convivencia de diferentes culturas	saber facer	A2 A5 B4
6. Analizar e valorar prácticas educativas innovadoras relacionadas coa normalización da convivencia no ámbito local	saber facer	A2 A3 B4
7. Identificar os servizos socio-comunitarios e as súas actividades profesionais que se ofrecen a inmigrantes individual ou colectivamente	saber	A9 B2
8. Levar a cabo actividades de planificación e avaliación de iniciativas interculturais, empregando metodoloxías que favorezan o traballo colaborativo entre alumnado, profesionais e con asociacións de inmigrantes	saber facer	A14 A17 A18 B4
9. Ser capaz de valorar positivamente os sistemas culturais minoritarios, incluído o propio que, paradóxicamente, se pode considerar minoritario no propio territorio, por baixa autoestima e carencia dunha política de posta en valor dos valores culturais galegos e os relacionados coas colectividades xeográficamente próximas	Saber estar / ser	A11 A16 B5
10. Que os estudantes saiban aplicar os seus coñecementos xeográficos ó seu traballo no campo do interculturalismo	saber	A2 A3 B4
11. Boa vontade para ser consciente do impacto dos seus propios estilos de vida sobre os seus contextos sociais local e xeral	Saber estar / ser	A11 A13 A15 B5
12. Proporcionar os recursos necesarios para potenciar a súa capacidade reflexiva e para adoptar unha actitude responsábel, respectuosa e cooperativa no traballo con persoas e grupos de inmigrantes	Saber estar / ser	A15 A18 B5

13. Coñecer os diferentes enfoques teóricos e análises da realidade da convivencia entre colectivos con diferenzas lingüísticas e culturais	saber	A1 B1
14. Reflexionar sobre os contributos a Psicoloxía Social pode ofrecer como ferramenta explicativa á hora de dar conta dos procesos que rixen a conduta interpersoal e intergrupala.	saber	A2 A3 B1
15. Contribuír á educación intercultural profundizando no coñecemento dos fenómenos subxacentes ao desenvolvemento de prexuízos e de actitudes e comportamentos discriminativos fronte ás persoas diferentes	saber	A1 A11 B1
16. Lograr competencias para manexar eficazmente os conflitos intergrupais xurdidos no ámbito da multiculturalidade e para promover actitudes cooperativas previndo e/ou reducindo os prexuízos.	saber facer	A3 A12 A17 A18 B4
17. Saber interpretar críticamente os mecanismos (latentes ou manifestos, conscientes ou inconscientes) mediante os que a cultura ou os colectivos dominantes continúan a manter minorizados a grupos lingüísticos, étnicos, socioculturais...	saber	A13 A14 B2

Contidos

Tema	
1. O directo á diferenza. Implicacións socioeducativas do interculturalismo	1.1. A educación intercultural nos contextos socioeducativos 1.2. Interculturalismo e educación para a paz 1.3. Experiencias socioeducativas na nosa realidade 1.4. Planificación e avaliación de un Encontro Intercultural
2. A perspectiva intercultural desde as diversas realidades xeográficas	2.1. As diferentes áreas xeográficas no marco natural 2.2. As diferentes áreas xeográficas no marco sociocultural 2.3. As migracións no mundo actual 2.4. A integración na comunidade local da diversidade sociocultural
3. Aspectos psicosociais das comunidades con diversidade social e cultural	3.1. Estereotipos: clasificación, funcións e orientacións teóricas 3.2. Relación entre estereotipo, prexuízo e discriminación 3.3. As relacións intergrupais. Enfoques teóricos: teoría do conflito realista e teoría da identidade social 3.4. Psicoloxía social aplicada á resolución de conflitos intergrupais. Cambio de actitudes e redución de prexuízos
4. A xestión do plurilingüismo en Galicia como desafío histórico	4.1. Principios, estratexias e referencias relevantes 4.2. Propostas de boas prácticas (no contexto educativo formal e non formal) desde a análise e avaliación de casos significativos: Canadá, Australia, Vale de Aosta, Luxemburgo, Cataluña, País Vasco

Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Sesión maxistral	6	12	18
Seminarios	1	6.5	7.5
Presentacións/exposicións	2	6	8
Traballos de aula	13	0	13
Traballos tutelados	0	50	50
Outros	5	10	15
Actividades introdutorias	1	0	1

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente

	Descrición
Sesión maxistral	Exposición ao alumnado da información básica sobre os contidos da materia e/ou directrices sobre os traballos, exercicios ou proxectos a desenvolver polos discentes de forma individual ou colectiva
Seminarios	Convite a persoas con experiencia práctica. Reflexión sobre a súa actuación profesional e o labor que desenvolve a entidade na que traballa
Presentacións/exposicións	Presentación dos resultados en pequeno grupo (previa presentación escrita) e debate e selección de propostas en gran grupo sobre aspectos relevantes da materia (con consignas previas do profesor) mediante o uso do póster
Traballos de aula	O estudante desenvolve exercicios ou proxectos na aula baixo as directrices e supervisión do profesor. Pode estar vinculado o seu desenvolvementos con actividades autónomas do estudante.
Traballos tutelados	O estudante, de maneira individual ou en grupo, elabora un documento sobre a temática da materia ou prepara seminarios, investigacións, memorias, ensaios, resumos de lecturas, conferencias, etc. Xeralmente trátase dunha actividade autónoma do/s estudante/s que inclúe a procura e recollida de información, lectura e manexo de bibliografía, redacción...

Outros	Participación nas actividades de módulo
Actividades introdutorias	Actividades dirixidas a tomar contacto co alumnado e presentar a materia

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Presentacións/exposicións	A atención ao alumnado realizarase a través de diversas vías: a través da plataforma Tema, por correo electrónico, telefonicamente, e na propia aula de 20 a 21 hs. os xoves e venres. Os estudantes tamén poderán usar as horas de titoría que ten o profesorado no seu gabinete.
Traballos de aula	A atención ao alumnado realizarase a través de diversas vías: a través da plataforma Tema, por correo electrónico, telefonicamente, e na propia aula de 20 a 21 hs. os xoves e venres. Os estudantes tamén poderán usar as horas de titoría que ten o profesorado no seu gabinete.
Traballos tutelados	A atención ao alumnado realizarase a través de diversas vías: a través da plataforma Tema, por correo electrónico, telefonicamente, e na propia aula de 20 a 21 hs. os xoves e venres. Os estudantes tamén poderán usar as horas de titoría que ten o profesorado no seu gabinete.

Avaliación

	Descrición	Cualificación
Presentacións/exposicións	Presentación en clase de resultados do traballo individual ou en pequeno grupo (con entrega previa dun texto escrito)	10%
Traballos de aula	Valoración das actividades realizadas na aula ou en outros contextos controlados	50%
Traballos tutelados	Valoración do traballo tutelado, individual ou grupal	30%
Outros	Actividade de módulo	10

Outros comentarios sobre a Avaliación

As actividades non superadas na 1ª convocatoria poderán ser recuperadas na convocatoria de xullo, manténdose as puntuacións previamente conseguidas.

O alumnado que por motivo xustifico non poda asistir a todas as sesións presenciais contará con actividades alternativas.

Bibliografía. Fontes de información

. (2008): *As migracións nas sociedades contemporáneas: os desafíos na Galicia actual*. Santiago: Sotelo Blanco.

Nogué Font, Joan & Joan Vicente Rufí (2001): *Geopolítica, identidade y globalización*. Barcelona: Ariel.

Zárate Martín, M. A., & M. T. Rubio Benito (2005): *Geografía Humana. Sociedad, Economía y Territorio*. Madrid: Ed. Ramón Areces.

Especialmente relacionada co tema 3:

Expósito, F. e M. Moya la Psicología social. Madrid: Pirámide.

Vila, E. (coord.) (2007): *Pedagogía de la alteridad. Interculturalidad, género y educación*. Madrid: Popular.

Especialmente relacionada co tema 4:

la Lengua (2008). *Actes del I Simposi Internacional sobre Situació i perspectives del Plurilingüisme a Europa*. Valencia: Publicacions de l'Academia Valenciana de **Beacco, Jean-Claude et al.** (2010): *Guide pour le développement et la mise en oeuvre de curriculums pour une éducation plurilingue et interculturelle*. Strsbourg: Conseil de l'Europe-Division de Politiques Linguistiques [www.coe.int/lang/fr -o la correspondiente versión inglesa-].

Politiques linguistiques, pp. 45-69 [Tamén se pode consultar en línea a versión en inglés].

la Carta Europea de las Lenguas Regionales o Minoritarias, hecha en Estrasburgo el 5 de noviembre de 1992 [Contiene también el texto de **Byram, Michael** (2009): [Sociétés multiculturelles et individus pluriculturels: le projet de l'éducation interculturelle], in *Plateforme de ressources et de références pour l'éducation plurilingüe et interculturelle*. Strasbourg: Conseil de l'Europe- **Cavalli, Marisa et al.** (2009): [L'éducation plurilingüe et interculturelle comme projet], in *Plateforme de ressources et de références pour l'éducation plurilingüe et interculturelle*. Strasbourg: Conseil de l'Europe-División de Politiques linguistiques.

González González, M (dir.) et Modesto A. Rodríguez Neira (coord.) (2008): *Mapa sociolingüístico de Galicia 2004, vol II, Usos lingüísticos en Galicia*. A Coruña: Real Academia Galega.

Milian Massana, Antoni (1984): «La regulación constitucional del multilingüismo», *Revista Española de Derecho Constitucional*, 10, pp. 123-154.

Proxecto Atántida (2003). *Interculturalidad y Educación: Un nuevo reto para la sociedad democrática*

la España del siglo XXI. Albacete: UCLM-MCYT, (edición en DVD-ROM).

Cid, X. M.; Feijoo, X.; Veloso, S. e Carita, L **Cid, X. M. e Fernández, R.** (2006): «Camiños para o encontro Galicia Portugal», en *Claves de educación e de cultura*, Lethes, 7, 50-69.

García Molina, J. e Marí, R. (2002) (Coords): *Pedagogía social y mediación educativa*. Toledo: Asociación de Educadores Sociales de Castilla **González, S.** (1999): *Abrente incerto*. Santiago de Compostela: Sotelo Blanco.

Jares, X. R. **Suárez Sandomingo, J. M.** (Coord.) (2005): *La interculturalidad pedagógica: nuevos enfoques, nuevas prácticas*. Lugo:Axac.

VV.AA (2000): *Curso de castellano para inmigrantes y refugiados*. Madrid: Fundación Largo Caballero.

Corna-Pellegrini, Giacomo (2001): «La reflexión geográfica para prepararse al multiculturalismo». *Scripta Nova*, Nº 94 (2): 1-13.

Especialmente relacionada co tema 3:

Essomba, M. A. (2008): *Diez ideas clave. La gestión de la diversidad cultural en la escuela*. Barcelona: Graó.

Solé, C. (Ed.) (1996): *Racismo, etnicidad y educación intercultural*. Lleida: Universitat de Lleida.

Van Dijk, T. (2003): *Racismo y discurso de las elites*. Barcelona: Gedisa.

Conseil de l'Europe (2008): *Livre blanc sur le dialogue interculturelle* [CM(2008)30 final]. Strasbourg: Comité de Ministres, Conseil de l'Europe.

la UE». Bruselas: COM(2008) 423 final.

(2003): L'enseignement des langues et l'identité civique canadienne face a la pluralité des identités des canadiens. Strasbourg: Conseil de l'Europe.

Fernández Bello, Pedro (1991): «Bases para un espacio comunicativo común Galiza- Norte de Portugal» (texto presentado a **Fernández Bello, Pedro** (1995): «Galiza-Gallaecia-Portugal: umha realidade negada», *AGALIA*, 43, pp. 285-297.Le

Grand-Duché de Luxembourg. Europe, Language Policy División: www.coe.int/lang].

Little, David **Lo Bianco, Joseph** (2003): *La politique linguistique en Australie: un lieu de controverses et de negotiations sur l'identité nationale*. Strasbourg: Conseil de l'Europe.

Région Autonome Vallée d'Aoste (2007): *Profil de la politique linguistique éducative*. [Council of **Tuts, Martina** (2007): «Las lenguas como elementos de cohesión social. Del multilingüismo al desarrollo de habilidades para la comunicación intercultural». *Revista de Educación*, 343: 35-54.

Recomendacións

Outros comentarios

A guía de aprendizaxe de cada tema e o material básico estarán dispoñíbeis na plataforma TEMA o día 14 de Setembro.

A data límite para a entrega de tarefas e/ou de traballos é o 29 de Outubro.

A organización e avaliación da actividade do módulo é asumida polo profesor Xosé Manuel Cid Fernández.

O calendario de actividades de aula estará ao dispor dos discentes desde a sesión de acollida e información a celebrar en de setembro.

DATOS IDENTIFICATIVOS**Interculturalismos en Contextos Escolares**

Materia	Interculturalismos en Contextos Escolares			
Código	O05M007V01102			
Titulación	Máster Universitario en Intervención Multidisciplinar na Diversidade en Contextos Educativos			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	4.5	OP	1	1c
Lingua de impartición	Castelán Galego Inglés			
Departamento	Didáctica, organización escolar e métodos de investigación Didácticas especiais Filoloxía inglesa, francesa e alemá			
Coordinador/a	Gonzalez Piñeiro, Manuel			
Profesorado	Depalma Ungaro, Renee Fernandez Carballo Calero, Maria Victoria Gonzalez Piñeiro, Manuel Suárez Pazos, María Mercedes			
Correo-e	mpineiro@uvigo.es			
Web				
Descrición xeral	A materia Interculturalismo en contextos escolares participa na consecución daqueles obxectivos do máster que fan referencia, especialmente, á adquisición de formación teórica de carácter multidisciplinar no ámbito do interculturalismo, a análise de situacións reais e de experiencias educativas innovadoras, así como no coñecemento, utilización e deseño de actividades e materiais multiculturais nos centros e aulas.			

Competencias de titulación

Código			
A1	Comprender os principios básicos dos grandes ámbitos da diversidade dende unha perspectiva multidisciplinar		
A2	Adquirir habilidades básicas de deseño, aplicación e avaliación de propostas de intervención dirixidas a traballar coa diversidade, valorando especialmente as colaboracións innovadoras		
A3	Adquirir instrumentos conceptuais e metodolóxicos que faciliten a análise e reflexión sobre as prácticas profesionais relacionadas co tratamento da diversidade, en especial de aquelas que posúen un alto grao de innovación		
A5	Elaborar materiais específicos para traballar coa diversidade, valorando, na medida das posibilidades, a súa aplicación na práctica		
A6	Utilizar as novas tecnoloxías en diferentes contextos: formativos, de investigación, de aplicación profesional, para difundir e compartir ideas, etc.		
A9	Identificar os servizos de apoio escolares e socio-comunitarios que poden ser de utilidade no ámbito da diversidade		
A16	Adquirir condutas de respecto e de axuda. Ser sensibles a todo tipo de diversidade		
A17	Adquirir as habilidades básicas para o debate e a exposición de ideas fundamentadas		
A18	Favorecer o traballo cooperativo, asumindo responsabilidades e aceptando a disparidade de Opinións		
B1	Adquirir unha formación teórica de carácter multidisciplinar e comprender os fundamentos teórico-prácticos relacionados cos ámbitos de diversidade, con énfase nas necesidades educativas especiais, interculturalismo, compensación de desigualdades, sexo/xénero e educación de persoas adultas		
B3	Establecer contacto directo con experiencias innovadoras relacionadas coa diversidade, valorando o seu interese e as posibilidades de seren transferidas a outros contextos profesionais semellantes, así como de seren aplicables a situacións novas e emerxentes		
B4	Favorecer a adquisición dos coñecementos e destrezas axeitadas para o deseño, posta en práctica e avaliación de propostas de intervención no ámbito da diversidade, ofrecendo novas iniciativas na resolución dos problemas		
B5	Adquirir un compromiso ético no desenvolvemento da profesión, especialmente no referido ao apoio dos colectivos e sectores sociais discriminados e menos favorecidos		

Competencias de materia

Resultados previstos na materia	Tipoloxía	Resultados de Formación e Aprendizaxe
1. Comprender os principios básicos do multilingüismo.	saber	A1 B1

2.a. Adquirir habilidades básicas de deseño, aplicación e avaliación de propostas de intervención dirixidas a traballar ca diversidade lingüística e cultural.	saber facer	A2 B4
2.b. Deseñar programas e/ou actividades e materiais de uso escolar para favorecer a normalización da convivencia de diferentes culturas.		
3. Adquirir instrumentos conceptuais e metodolóxicos que faciliten a análise e reflexión sobre as prácticas profesionais relacionadas co tratamento da diversidade lingüística e cultural.	saber facer	A3
4. Elaborar materiais específicos para traballar coa diversidade lingüística.	saber facer	A5 B4
5.a. Coñecer os diferentes enfoques teóricos sobre a convivencia intercultural.	saber	B1
5.b. Analizar lexislación, plans e/ou programas de inclusión social relacionados cos inmigrantes e gitanos no ámbito educativo formal.		
6.a. Analizar e valorar prácticas educativas innovadoras relacionadas coa normalización da convivencia no ámbito escolar.	saber facer	B3
6.b. Desenvolver competencias profesionais interculturais.		
6.c. Analizar perfís profesionais actuais e emerxentes relacionados coa diversidade cultural, en especial coa figura do mediador intercultural.		
7.a. Utilizar as novas tecnoloxías como ferramenta de coñecemento e comunicación intercultural.	saber facer Saber estar / ser	A6
7.b. Tomar conciencia da importancia do inglés como ferramenta para comprender unha porcentaxe moi alta de información que se atopa na rede, así como do seu uso práctico e comunicativo no século XXI.		
7.c. Utilizar Internet como fonte de recursos de investigación.		
7.d. Utilizar Internet como vehículo de comunicación, entendemento e cooperación.		
7.e. Utilizar Internet como fonte de recursos de aprendizaxe e para creación de material propio.		
8. Identificar os servizos socio-comunitarios e as súas actividades profesionais que podan servir de apoio á institución escolar no relativo á convivencia intercultural.	saber Saber estar / ser	A9 B5
9.a. Levar a cabo traballos tutelados relacionados coa materia, empregando metodoloxías que favorezan o traballo autónomo e tamén colaborativo.	saber facer	A17
9.b. Desenvolver a capacidade autónoma de investigación.		
10.a. Fomentar o traballo en equipo, potenciando relacións entre alumnos.	Saber estar / ser	A18 B5
10.b. Estimular o desenvolvemento cognitivo de alumnos con diferentes capacidades, intereses, actitudes e procedencias.		
11. Ser capaz de valorar positivamente os sistemas culturais minoritarios, apoiando tanto o seu desenvolvemento como comunidade, como os procesos de aprendizaxe cooperativa en contextos de convivencia.	Saber estar / ser	A16 B5

Contidos

Tema	
1. Interculturalismo e institución escolar	Respostas da institución escolar ante a coexistencia de diferentes culturas. Da multiculturalidade á interculturalidade. Obxectivos e contidos da educación intercultural. Programas de acollida intercultural. Experiencias educativas de carácter intercultural. A escolarización das nenas e nenos gitanos.
2. Internet como vehículo e fonte de recursos interculturais	Importancia do coñecemento da lingua inglesa no século XXI. Internet como vehículo de comunicación intercultural. Internet como fonte de recursos didácticos. Internet como fonte de recursos de investigación.
3. Plurilingüismo e interculturalidade	O perfil competencial do individuo plurilingüe Actividades comunicativas de lingua Niveis de dominio das actividades comunicativas A dimensión intercultural da competencia plurilingüe Experiencias ca diversidade lingüística e cultural na aula Integración intercultural na aula multilingüe

Planificación			
	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Titoría en grupo	5	10	15
Actividades introdutorias	5	0	5
Sesión maxistral	6	12	18
Resolución de problemas e/ou exercicios	17	50.5	67.5
Outras	7	0	7

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente	
	Descrición
Titoría en grupo	Seguimento do traballo dos estudantes
Actividades introdutorias	Introducción da materia
Sesión maxistral	Presentación inicial dos temas que abarca a materia

Atención personalizada	
Metodoloxías	Descrición
Titoría en grupo	A atención ao alumnado realizarase a través de diversas vías: a través da plataforma Tema, por correo electrónico, telefonicamente, e na propia aula de 20 a 21 hs. os xoves e venres. Os estudantes tamén poderán usar as horas de titoría que ten o profesorado no seu gabinete.

Avaliación		
	Descrición	Cualificación
Sesión maxistral	Asistencia ás clases	30
Resolución de problemas e/ou exercicios	Realización de actividades (prácticas e/ou tuteladas)	60
Outras	Realización da actividade de módulo	10

Outros comentarios sobre a Avaliación

As actividades non superadas na 1ª convocatoria poderán ser recuperadas na convocatoria de xullo, manténdose as puntuacións previamente conseguidas.

O alumnado que por motivo xustifico non poda asistir a todas as sesións presenciais contará con actividades alternativas.

Bibliografía. Fontes de información

RECURSOS E BIBLIOGRAFÍA BÁSICA:

Ansó Doz, R. (2007). *Tejiendo la interculturalidad: actividades recreativas para el aula*. Madrid: Catarata.

(pinchar en [Plan de fomento del plurilingüismo](#) e logo en [Versión original en castellano](#))

Essomba, M.A. (2008). *10 ideas clave: la gestión de la diversidad cultural en la escuela*. Barcelona: Graó.

Instituto Cervantes (2002). *Marco común europeo de referencia para las lenguas: aprendizaje, enseñanza, evaluación*. Madrid: Anaya, MEC, Junta de Castilla y León. Disponible en:

<http://cvc.cervantes.es/obref/marco/>

MEC (s/d). *El portfolio europeo de las lenguas*. Madrid: MEC. Disponible en:

<http://www.oapee.es/iniciativas/portfolio/portfolios-validados-esp.html>

Villalba Martínez, F., M.T. Hernández García e C. Carmen Aguirre Martínez (1999). *Orientaciones para la enseñanza del español a inmigrantes y refugiados*. Madrid: MEC.

Recomendacións

DATOS IDENTIFICATIVOS**Ensino e Aprendizaxe da/s Lingua/s da Sociedade de Acollida**

Materia	Ensino e Aprendizaxe da/s Lingua/s da Sociedade de Acollida			
Código	O05M007V01103			
Titulación	Máster Universitario en Intervención Multidisciplinar na Diversidade en Contextos Educativos			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	4.5	OP	1	1c
Lingua de impartición				
Departamento	Didácticas especiais Lingua española			
Coordinador/a	Enriquez Salido, Carmen			
Profesorado	Diaz Nuñez, Celia Enriquez Salido, Carmen Paula Pombar, Maria Nieves de			
Correo-e	mcsalido@uvigo.es			
Web				
Descrición xeral				

Competencias de titulación

Código	
A1	Comprender os principios básicos dos grandes ámbitos da diversidade dende unha perspectiva multidisciplinar
A2	Adquirir habilidades básicas de deseño, aplicación e avaliación de propostas de intervención dirixidas a traballar coa diversidade, valorando especialmente as colaboracións innovadoras
A3	Adquirir instrumentos conceptuais e metodolóxicos que faciliten a análise e reflexión sobre as prácticas profesionais relacionadas co tratamento da diversidade, en especial de aquelas que posúen un alto grao de innovación
A4	Realizar estudos sistemáticos, sobre todo os que implicaren melloras de prácticas educativas, sendo capaz de difundilos con claridade a diversos tipos de audiencias
A6	Utilizar as novas tecnoloxías en diferentes contextos: formativos, de investigación, de aplicación profesional, para difundir e compartir ideas, etc.
A7	Dominar diferentes estratexias metodolóxicas co propósito de mellorar as condutas profesionais e facilitar a aprendizaxe autónoma, a través do emprego de recursos como os contratos de aprendizaxe, a aprendizaxe baseada en problemas ou o uso de cartafoles.
A9	Identificar os servizos de apoio escolares e socio-comunitarios que poden ser de utilidade no ámbito da diversidade
A10	Planificar e organizar traballos tutelados, sendo capaz de buscar e analizar información procedente de diferentes fontes, obter e analizar datos e elaborar con corrección un informe relacionado con algún dos módulos do mestrado
A11	Comprender, analizar e valorar as dimensións éticas e políticas implícitas nos procesos educativos formais e non formais en contextos de diversidade
A12	Relacionar os contidos do mestrado coa experiencia persoal e con situacións educativas reais
A13	Ser conscientes de que no ámbito educativo se toman continuamente decisións relacionadas co tratamento da diversidade, sendo necesario sacar á luz as ideas/teorías nas que se fundamentan esas decisións, tanto as persoais como as institucionais e colectivas.
A14	Ser capaz de emitir unha valoración crítica sobre programas, materiais e prácticas educativas e socio-educativas relacionadas coa diversidade
A15	Promover unha actitude positiva cara as ideas e as prácticas educativas innovadoras relacionadas coa diversidade
A16	Adquirir condutas de respecto e de axuda. Ser sensibles a todo tipo de diversidade
B1	Adquirir unha formación teórica de carácter multidisciplinar e comprender os fundamentos teórico-prácticos relacionados cos ámbitos de diversidade, con énfase nas necesidades educativas especiais, interculturalismo, compensación de desigualdades, sexo/xénero e educación de persoas adultas
B2	Coñecer e analizar as situacións reais de diversidade que se poden ver reflectidas nos contextos educativos, tanto formais como non formais, empregando procesos sistemáticos de indagación
B3	Establecer contacto directo con experiencias innovadoras relacionadas coa diversidade, valorando o seu interese e as posibilidades de seren transferidas a outros contextos profesionais semellantes, así como de seren aplicables a situacións novas e emerxentes

B4	Favorecer a adquisición dos coñecementos e destrezas axeitadas para o deseño, posta en práctica e avaliación de propostas de intervención no ámbito da diversidade, ofrecendo novas iniciativas na resolución dos problemas
B5	Adquirir un compromiso ético no desenvolvemento da profesión, especialmente no referido ao apoio dos colectivos e sectores sociais discriminados e menos favorecidos

Competencias de materia

Resultados previstos na materia	Tipoloxía	Resultados de Formación e Aprendizaxe
Adquirir hábitos e destrezas para a aprendizaxe autónoma, creativa e cooperativa, e promovelos nos estudantes dende a participación e o esforzo individual.	saber facer	A1 B1
Coñecer a lexislación básica referida á diversidade nos contextos educativos e socio-educativos, analizando a súa implicación no exercicio profesional	saber	A1 A9 A12 A13 A15 B1 B2 B4
Comprender os principios básicos das ciencias da linguaxe e a comunicación.	saber	A6 B1 B3
Analizar e saber aplicar recursos educativos para o ensino e aprendizaxe das linguas para inmigrantes.	saber saber facer	A3 A6 A7 A11 A12 A14 B1 B2
nbvcjkugoyij`pñl	saber facer	A2 B1
Elaborar materiais específicos para traballar coa diversidade, valorando, na medida das posibilidades, a súa aplicación na práctica	saber facer	A2 A3 A6 A7 A10 A12 B2 B4
Coñecer, respectar e promover a diversidade lingüística e cultural de España e de Europa.	Saber estar / ser	A6
Adquirir as habilidades básicas da metodoloxía do ensino e aprendizaxe das linguas da sociedade de acollida.	saber saber facer Saber estar / ser	A7 A12 A16 B1 B4
Recoñecer a identidade da etapa de educación infantil e as súas características cognitivas e comunicativas.	saber	A1 A2
Adquirir as diversas competencias comunicativas (orais e escritas) das linguas da sociedade de acollida.	saber facer Saber estar / ser	A4 B1 B4
Saber expresarse en español con fluidez e precisión e poder facer un uso flexible do devandito idioma para fins sociais, académicos e profesionais.	saber	A6 B1 B3 B4
Falar, ler e escribir, dun xeito correcto e axeitado, a lingua española.	saber	A1 A2 A11 B1
Coñecer a fonoloxía, a fonética e a ortografía da lingua española.	saber	A4 A7 B3
Coñecer e saber empregar a gramática do español.	saber	A4 A6 B1 B5

Adquirir e saber empregar os conceptos básicos da semántica, a lexicoloxía e a lexicografía do español.	saber	A1 A2 A6 B1
---	-------	----------------------

Contidos

Tema	
1. Consideracións acerca da adquisición da lingua galega por parte do alumnado inmigrante.	1.1. Panorama xeral da inmigración en Galicia. 1.2. O alumnado inmigrante no sistema educativo galego. Medidas e liñas de actuación. 1.3. Factores que interveñen na aprendizaxe dunha lingua estranxeira. 1.4. Principios básicos na aprendizaxe da lingua galega e española para inmigrantes.
2. Materiais e recursos didácticos en distintos soportes para a aprendizaxe da lingua galega e da lingua española.	2.1. Soporte dixital (páxinas web, blogs, multimedia...) 2.2. Soporte papel (manuais, dicionarios, cadernos...)
3. Lingua oral:	3.1. Comprensión oral / Expresión oral. 3.2. Dificultades fonéticas e fonolóxicas na lingua galega. 3.3. Estratexias e actividades para a aprendizaxe da lingua galega.
4. Lingua escrita:	4.1. Léxico 4.1.1. Aspectos léxico-semánticos máis importantes na ensinanza do español a inmigrantes. 4.1.2. Aplicación dos aspectos léxico-semánticos nunha clase de español a inmigrantes. 4.2. Gramática: 4.2.1. Aplicación da morfoloxía nunha clase de español a inmigrantes. Dificultades principais. 4.2.2. Aplicación da sintaxe nunha clase de español para inmigrantes. Dificultades principais.
5. Compoñente socio-cultural.	5.1. Compoñente sociolingüístico 5.2. Cultura e civilización 5.3. Pragmática e linguas estranxeiras

Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Sesión maxistral	10.5	19	29.5
Titoría en grupo	4	10	14
Traballos de aula	12	10	22
Actividades introdutorias	2	0	2
Outros	5	0	5
Traballos tutelados	0	40	40

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente

	Descrición
Sesión maxistral	Presentación dos principais contidos e obxectivos.
Titoría en grupo	Orientación sobre as prácticas e traballos tutelados. Resolución de dúbidas.
Traballos de aula	Debate e discusión das dificultades existentes sobre os contidos e a súa aplicación práctica e profesional.
Actividades introdutorias	Presentación inicial do programa, metodoloxía, contidos e avaliación.
Outros	
Traballos tutelados	Aplicación práctica e profesional dos contidos e modelos presentados e comentados previamente nas sesións teórico-prácticas celebradas na aula.

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Traballos tutelados	A atención ao alumnado realizarase a través de diversas vías: por correo electrónico, telefonicamente, na propia aula de 20 a 21 os xoves e venres. Os estudantes tamén poderán usar as horas de titoría que teñen as profesoras nos seus gabinetes, segundo o horario que consta nas guías da facultade.
Traballos de aula	A atención ao alumnado realizarase a través de diversas vías: por correo electrónico, telefonicamente, na propia aula de 20 a 21 os xoves e venres. Os estudantes tamén poderán usar as horas de titoría que teñen as profesoras nos seus gabinetes, segundo o horario que consta nas guías da facultade.

Avaliación		
	Descrición	Cualificación
Traballos de aula	Preparación da actividade, presentación da mesma, elaboración de conclusións e posta en común	50
Outros	Actividade de módulo	10
Traballos tutelados	Realización de actividades titoradas. Valorarase especificamente: Claridade expositiva. Orixinalidade. Metodoloxía científica. Corrección lingüística. Aplicación profesional	40

Outros comentarios sobre a Avaliación

Para que a materia sexa superada con éxito, haberá que obter unha cualificación mínima satisfactoria tanto nos traballos tutelados como nas actividades de traballos realizados na aula.

